

**A Escola de Arte e Superior de Deseño “Ramón Falcón” de Lugo convoca o concurso:
“XI Premio Postais de Nadal 2017”.**

Bases do concurso:

1- Obxectivo:

Deseño dunha postal de felicitación do nadal destinada a ser usada como tal pola escola no vindeiro e próximo nadal.

2- Participantes:

El concurso estará aberto a todos os alumnos matriculados neste curso no centro:

- Ensinanzas Superiores de Deseño Gráfico.
- Ensinanzas Superiores de Deseño de Interiores.
 - CFGS Fotografía.
- CFGS Gravado e Técnicas de Estampación.
 - CFGS Cerámica Artística.
 - CFGM Serigrafía Artística.

3- Proposta, material a entregar:

- O deseño deberá ser orixinal é inédito.
- A proposta deberá facer alusión e reflexar ó espírito do Nadal.
- A postal, deberá incluír o logotipo da escola que se facilitará polo centro.
 - A medida da tarxeta deberá ser de 21x10cm. o 10x21 cm..
- A postal deberá presentarse sobre cartón pluma, para a súa posterior exposición no centro.
- Ós traballos deberán presentarse nun sobre aberto, cun seudónimo no exterior do mesmo elixido polo autor. Noutro sobre pechado co mesmo seudónimo, tamén explícito no exterior, deberán adxuntarse os datos persoais do alumno (nome e apelidos, estudos nos que está matriculado na escola, e o DNI, así como un CD que conteña o traballo nun formato JPEG.

4-Presentación dos traballos e recollida:

O prazo de admisión dos mesmos, estará aberto ata o xoves 30 de novembro. A retirada da documentación e dos traballos non se poderá facer efectiva ata a finalización da exposición, sendo a primeira semana despois das vacacións de nadal a data para retirarlos na secretaría do centro.

5-Xurado e veredicto.

O xurado estará composto por cinco profesores, ademais dun representante da dirección da escola, mais o secretario do centro que actuará sen voz nin voto.

6-Propiedade intelectual:

A postal premiada quedará en propiedade exclusiva e permanente da Escola, a cal terá liberdade para usala convenientemente. O centro resérvase o dereito de descartar aqueles traballos que poidan atentar contra o dereito ao honor, á intimidade persoal ou familiar e a propia imaxe, á dignidade da persoa, ao principio de non discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, así como outros principios que poidan resultar vulnerados.

7-Premio:

-O gañador do concurso e 1º premio recibirá 125 €, e unha acreditación escrita.

Ademais outorgarase un 2º premio que recibirá 75 €, e unha acreditación escrita.

Finalmente poderá outorgarse un accésit sen remuneración económica e con acreditación escrita.

8-Aceptación das bases:

-A participación no concurso levará implícita, a asunción das bases e o fallo do xurado.

Asinado: Alejandro Carro
Vicedirector da EASDRF